

A ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE CONCERTOS NON ESTÁ CONFORME COS HORARIOS PROPOSTOS POLA XUNTA NO NOVO CATÁLOGO DE ACTIVIDADES

A proposta presentada pola Xunta de Galicia reduce o horario permitido para as salas de concertos, pero non impide aos locais con maior rango horario realizar concertos en directo, algo que a directiva de Clubtura cualifica de “inaceptable”.

A Coruña, 7 de setembro de 2019.-

A Asociación Galega de Salas de Concertos - Clubtura- fixo pública a súa intención de presentar alegacións á proposta do novo catálogo de actividades vinculado á Lei de Espectáculos presentado pola Xunta, un documento que propón reducir o horario de apertura das salas de concertos ás 4 da mañá, mentres que permitiría ás discotecas e salas de festas permanecer abertas ata as 5 da mañá.

“Esta diferenza horaria supón un problema desde o momento en que o propio catálogo de actividades permite ás discotecas e ás salas de festas albergar concertos en directo”, explican desde a directiva de Clubtura, “e así o trasladamos nas reunións mantidas coa Xunta en todo momento”.

Para Clubtura, o feito de non recoñecer ás salas de concertos como únicos locais capacitados para albergar música en directo é incompatible co feito de pretender reducir o seu horario. “As salas de concertos vivimos en constante competencia con outros locais que programan música en directo sen contar coas condicións que se nos esixen a nós, se coa nova normativa a Xunta reduce o noso horario a competencia desleal pasará a ser algo amparado legalmente”, explican desde o colectivo.

Por iso, desde Clubtura anuncian que esixirán á Xunta que todos os locais aos que se lles permita organizar espectáculos en vivo conten co mesmo horario de apertura, “porque o contrario supoñería unha discriminación intolerable contra un colectivo, o da música en vivo, que veñen sendo habitualmente maltratado polo goberno autonómico, algo que non podemos tolerar”.

A Asociación Galega de Salas de Concertos lembra á Xunta a importancia de protexer e manter vivo un sector que permite o nacemento de novos talentos musicais, e que se ve claramente discriminado fronte a outros sectores culturais, ou fronte ao ámbito dos festivais de música, que si contan co apoio e protección da Xunta de Galicia. “Galicia é unha comunidade cunha idiosincrasia moi específica, con moitos núcleos poboacionais máis comunicados e pequenos. Se non coidamos do sector da música en directo e máis concretamente das salas pequenas, maioritarias na nosa comunidade, corremos o risco de que unha enorme

porcentaxe da poboación perda o acceso para vivir e gozar música en directo, o que supoñería, ademais, a desaparición paulatina dos novos proxectos musicais, que non atopan oco nos festivais, pero si nos nosos escenarios”, apuntan desde Clubtura.